



Asociación Galega  
de Onomástica

Señor alcalde-presidente do concello de Ponte Caldelas:

Dirixímonos a vostede ante a noticia publicada na prensa sobre o cambio do nome tradicional dunha rúa por un nome conmemorativo<sup>1</sup>. Desde a Asociación Galega de Onomástica defendemos a recuperación e salvagarda da toponimia tradicional, recoñecida como patrimonio inmaterial dos pobos polo grupo de Expertos en Nomes Xeográficos da ONU (UNGEN) e de que, segundo as súas recomendacións, nunca un topónimo de nova creación debe sepultar un nome tradicional e ben asentado<sup>2</sup>.

Recentemente tivo lugar no concello de Pontevedra a IV Xornada de Onomástica, organizada pola Real Academia Galega, en que se propoñía un modelo mixto de rotulación que permite satisfacer o desexo do concello de homenaxear unha persoa e, ao mesmo tempo, salvagarda a toponimia tradicional. Trátase de indicar no cartel da rúa en cuestión o nome e a seguir, a persoa a quen se lle quere dedicar. Neste caso, sería o seguinte: “Rúa da Fonte do Chafarís. Dedicada a Placeres Castellanos”. No caso do paseo do río (que se lle quere dedicar a Clotilde Fernández) o procedemento pasaría por ver cales son os microtopónimos que xa nomean esa zona.

Este modelo xa se está a aplicar en determinadas cidades; neste caso sería tamén acorde co compromiso coa lingua que sen dúbida ten a corporación que vostede preside. Evidentemente, non poñemos en cuestión en absoluto o merecemento destas persoas ás honras que desde o concello se lle queiran dispensar, pero pensamos que esas honras non deben ir en detrimento do patrimonio inmaterial do concello.

Desde o ano 2002 a AGOn está a promover a sinatura dunha declaración feita polos concellos baseada nas mesmas recomendacións. A partir da devandita IV Xornada de Onomástica, vaise propor a sinatura deste declaración, conxuntamente coa Real Academia Galega, aos concellos de Galicia, polo que pronto terán noticias oficialmente sobre ela. En calquera caso, enviolla como anexo o texto para o seu coñecemento.

---

<sup>1</sup> <https://pontevedraviva.com/xeral/61457/placeres-castellanos-clotilde-fernandez-mulleres-homenaxeadas-8m-ponte-caldelas/?lang=gl>

<sup>2</sup> Pode ver máis información en: <http://ilg.usc.es/agon/archives/tag/odonimia/>

A Asociación Galega de Onomástica anima ó concello a manter a súa toponimia tradicional mediante o seu emprego á hora de darlle nome ás súas rúas e ponse ó seu dispor para calquera tipo de asesoramento que precisaren ó respecto.

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2020.

A handwritten signature in black ink, consisting of several overlapping loops and a vertical line, likely representing the name Ana Isabel Boullón Agrelo.

Asdo.: Ana Isabel Boullón Agrelo  
Presidenta da Asociación Galega de Onomástica

## **Anexo: Declaración sobre a hodonimia (Asociación Galega de Onomástica, Real Academia Galega)**

Recoñecemos que os nomes dos lugares son un elemento de primeira orde no noso patrimonio inmaterial. Herdados de xeración en xeración a través dos séculos, constitúen un dos máis prezados bens culturais da comunidade.

### **DECLARACIÓN**

#### **A toponimia como patrimonio**

Recoñecemos que os nomes dos lugares son un elemento de primeira orde no noso patrimonio inmaterial. Herdados de xeración en xeración a través dos séculos, constitúen un dos máis prezados bens culturais da comunidade.

A progresiva transformación dos modos de ocupación do territorio pon en perigo a supervivencia de moitos topónimos tradicionais. A necesidade da súa preservación foi recoñecida polo Congreso dos Deputados mediante a súa inclusión na 'Lei para a salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial', artigo 2, Título I (BOE 27/05/2015) e mais pola 'Lei do patrimonio cultural de Galicia', artigos 9.3.a).3º, 35.2, 68.2 e 69.6 (DOG, 16/05/2016). Nesa mesma dirección, comprometémonos a velar pola súa preservación defendendo os principios que seguen:

- 1) Na denominación oficial das diferentes realidades xeográficas (rúas, prazas, urbanizacións, complexos urbanísticos, bloques de edificios, etc.), ha de preferirse sempre un topónimo tradicional antes ca fórmulas de nova invención.
- 2) No caso de realidades xeográficas de nova creación realizarase un inventario das denominacións tradicionais do territorio afectado e empregaranse nomes tomados dese repertorio para a denominación oficial dos novos núcleos.
- 3) Cando nunha área determinada os topónimos tradicionais superan en número as novas realidades xeográficas creadas, de preferencia han de preservarse os topónimos de maior interese histórico, arqueolóxico ou filolóxico.
- 4) Seguindo as recomendacións do Grupo de expertos en nomes xeográficos da ONU (UNGEGN), só se propondrá a imposición de “topónimos honoríficos” (nomes de persoas ou institucións, conceptos abstractos, cidades ou países, etc.) en casos en que a nova denominación non sepulte un topónimo tradicional ou cando a supervivencia do topónimo tradicional correspondente estea asegurada pola súa aplicación a algunha realidade xeográfica próxima. Se finalmente se propón o nome dunha persoa, recoméndase que se limite a persoas con forte arraigo co lugar ou coa cultura da zona e que polo menos pasasen cinco anos do seu falecemento; no caso de querer conmemorar un acontecemento, aconséllase que polo menos haxa vinte e cinco anos do feito. Os novos nomes non se deben usar para conmemorar vítimas ou sinalar lugares de accidentes ou traxedias.
- 5) Cando o repertorio de nomes tradicionais dunha área sexa insuficiente para o conxunto de novas realidades xeográficas creadas, han de preferirse sempre denominacións que garden harmonía coa toponimia tradicional galega.

- 6) A urbanización do territorio debería ir sempre acompañada dun rexistro das denominacións tradicionais, que moitas veces só se transmitiron de xeito oral e que doutra maneira quedarían sepultadas.